



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 12 DE DECEMBRO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día doce de decembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto e don Ramón Boga Moscoso.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 5 de decembro de 2017**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande e don Ramón Boga Moscoso) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 27 de novembro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2018, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Figura o Concello de Cambre coas festas laborais do 13 de febreiro, martes



de Entroido e 16 de agosto, festa de San Roque. (Diario Oficial de Galicia número 232, do 7 de decembro de 2017).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 1 ao 5 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2156/2017 e remata coa resolución da alcaldía número 2187/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2156/2017	01/12/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de decembro de 2017
2157/2017	01/12/2017	Autorización ocupación espazo público no campo da feira de Cambre, pola Asociación Arela para conmemorar o día Internacional da Discapacidade, o día 3 de decembro de 2017.
2158/2017	01/12/2017	Autorización para montaxe do belén no parque Ramón Barba do Temple, o día 16 de decembro, a partir das 12:00 horas, con motivo do Nadal 2017/18.
2159/2017	01/12/2017	Aprobación do programa de actos e orzamento do proxecto das actividades complementarias do XXXIII Certame de pintura Concello de Cambre
2160/2017	04/12/2017	Aprobación altas e baixas escolas deportivas mes de novembro
2161/2017	04/12/2017	Aprobación de admitidos no programa de actividades municipais da Casa da Cultura Vila Concepción, outubro-decembro, 2017
2162/2017	04/12/2017	Aprobación de admitidos nos cursos de informática para máis de 60 anos Cambre e Barcala (outubro 2017-xaneiro 2018) e Internet Rural Adultos (outubro-decembro, 2017).
2163/2017	04/12/2017	Aprobación de admitidos nos cursos Cursos de Corte e Confeción e Pintura nas parroquias, outubro 2017-maio 2018.
2164/2017	04/12/2017	Proposta de aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas.
2165/2017	04/12/2017	Proposta de aprobación de proposta de mandamento de pago e pagamento de operacións non orzamentarias.
2166/2017	04/12/2017	Aprobación liquidacións actividades xuvenís mes de novembro
2167/2017	04/12/2017	Denegación axuda tratamento odontolóxico a I.R.G. por superar o importe máximo das axudas por ano e por unidade familiar
2168/2017	04/12/2017	Denegación recibo luz a V.S.S. por estar xa aboado
2169/2017	04/12/2017	Denegación axuda lentes correctoras a M.M.G. por superar o importe

		máximo anual por unidade familiar
2170/2017	04/12/2017	Denegación axuda recibo auga a J.M.S.V. por superarse o importe establecido para recibos de auga
2171/2017	04/12/2017	Denegación recibos luz J.R.R. por non estar acreditada a situación de necesidade
2172/2017	04/12/2017	Renuncia recibo auga B.I.L.
2173/2017	04/12/2017	Aclaración de oferta económica presentada no procedemento negociado sen publicidade para adxudicación da obra "Nova rede de saneamento na Calle, Pravio, Cambre", incluída no PAI Adicional 1/2016, da Excma. Deputación Provincial da Coruña
2174/2017	04/12/2017	Resolución pagamentos axudas socias e produtividade 2017.
2175/2017	04/12/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 25.661,30
2176/2017	04/12/2017	Convocatoria sesión ordinaria do grupo de seguemento do Plan estratéxico de subvencións (PES) 11 de decembro de 2017
2177/2017	04/12/2017	RCU pola que se concede a Orange España Comunicaciones Fijas, S.L., licenza municipal para executar unha canalización para o establecemento de infraestruturas de telecomunicacións na rúa Samosteiro, Cambre
2178/2017	04/12/2017	DECLARACION DE RUINA DE EDIFICACION SITA EN PIÑEIRO, 4, BREXO. PROPIETARIO: JOSE LOURO LOURO E MARIA TERESA LAMAS EIROA
2179/2017	04/12/2017	DECLARACION DE RUINA DA EDIFICACION SITA EN NEBRIXE, 11 - BRIBES. PROPIETARIO: HERDEIROS DE JESUS PINTOR ROIBAS
2180/2017	04/12/2017	Aprobación de facturas correspondentes a subministración de electricidade, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 11.289,20 euros
2181/2017	04/12/2017	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 58.181,53 euros
2182/2017	04/12/2017	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 127.720,30 euros
2183/2017	05/12/2017	Proposta e resolución admitidos actividades extraescolares curso 2017/18-1º trimestre
2184/2017	05/12/2017	Liquidación prezos públicos – Programa de actividades municipais da Cas da Cultura Vila Concepción, outubro-décembro, 2017
2185/2017	05/12/2017	Liquidación prezos públicos – Programa de actividades municipais informática para máis de 60 anos Cambre e Barcala (outubro 2017-xaneiro 2018) e internet rural adultos (outubro-décembro, 2017)
2186/2017	05/12/2017	Liquidación prezos públicos – Programa de actividades municipais cursos de corte e confección e pintura nas parroquias, outubro-maio, 2018
2187/2017	05/12/2017	Convocatoria da Mesa de Contratación Permanente para o día 13/12/2017



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

#### 4º. Informes doutros asuntos de área

##### Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta do seguinte asunto:

- Acompañado do concelleiro Juan González Leirós, mantivo reunión con Jaime Castiñeira, xerente de Emalcsa. Na dita reunión tratouse a posibilidade de levar a cabo unha empresa pública conxunta entre Emalcsa e o Concello de Cambre.

##### Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 7 de decembro ás 12:00 horas presentou aos medios de comunicación a "Campaña de Nadal 2017" para a dinamización comercial:

- o Rasca e Gaña
- o Fío musical nas rúas (Temple)
- o Actuacións nas rúas (Temple, Cambre e Barcala)
- o Decoración ambiental nas portas dos comercios (Árbore de Nadal)
- o Decoración específica nas rúas (Temple e Barcala)

- O día 8 de decembro asistiu á Feira do Temple xunto coa técnica AEDL Beatriz Castro para ver o desenvolvemento das actividades programadas para a dinamización, as cales foron suspendidas polo temporal.

##### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta dos seguintes asuntos:

- Domingo día 10 asistiu á entrega do 1º premio da "XXXIII Edición Certame de Pintura Concello de Cambre 2017" na Casa da Cultura-Vila Concepción.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Adxudicación a TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A. polo importe ofertado de 16.135,59 euros, IVE incluído, da subministración denominada "Adquisición de mini retroexcavadora para uso da Brigada de Obras Municipal". Expte.: 2017/C002/000040.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Suspensión do prazo de duración do contrato menor adjudicado á empresa "Muñiz Más Alfaya, S.L.P." no importe de 21.598,50 euros IVE incluído, para a redacción da Modificación Puntual da Unidade de Execución nº 3 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre. Exp. 2017/C002/000007.

- Prórroga do contrato para a prestación do servizo de gabinete de comunicación no Concello de Cambre. Expediente: 2015/C004/0000010.

- Solicitud de revisión de precios do contrato de "servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de Cambre", formulada por "Xalo, S.L.".

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Adjudicación a TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A. polo importe ofertado de 16.135,59 euros , IVE incluído, da subministración denominada "Adquisición de mini retroexcavadora para uso da Brigada de Obras Municipal". Expte.: 2017/C002/000040**

Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"O enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, emitiu informe, con data do 20 de novembro actual, no que se xustifica a necesidade de mercar unha mini retroexcavadora para uso da Brigada de Obras Municipal, valorando a subministración no importe máximo de 16.500 € IVE incluído, (13.636,36 € sen IVE). Co fin de dar cumprimento ao establecido nos artigos 116 e 117 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, (TRLCS), e 68 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, (RXLCA), achegou a súa proposta a descrición das características técnicas e prezo do ben a adquirir.

Existe crédito dabondo na aplicación orzamentaria 1532/62300 *Maquinaria pavimentación de vías*, para facer fronte aos gastos derivados desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido polo Departamento de Intervención Municipal con data do 22 de novembro do actual.

Con data 23 de novembro de 2017, remitíronse invitacións, mediante correo electrónico, para participar na presente licitación, a tres licitadores, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, (Alquileres Braña Rica S.L., Torneiro Maquicoruña, S.A. e Alquileres Reneymar S.L.), quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas. Rematado o prazo de presentación de ofertas, todos os licitadores presentaron oferta, que constan rexistradas no expediente.

Con data do 5 de decembro emitiuse proposta de adjudicación polo enxeñeiro técnico industrial Municipal, a prol da empresa "TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A." por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adjudicación factor prezo, único valorable no presente procedemento ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 16.135,59 euros, IVE engadido.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos distintos aos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 5 de decembro de 2017, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2017/C002/000040.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Servizos, de data 7 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a proposta para a contratación menor da subministración denominada "Adquisición de mini retroexcavadora para uso da Brigada de Obras Municipal", por un importe de execución por contrata de 16.500 euros IVE incluído, (prezo sen IVE 13.636,36 euros), así como as características técnicas elaboradas polo enxeñeiro técnico industrial municipal con data do 20 de novembro de 2017.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532/62300 *Maquinaria pavimentación de vías*.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2017/C002/000040, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**Cuarto:** Admitir na licitación ás entidades Alquileres Braña Rica S.L., Torneiro Maquicoruña, S.A. e Alquileres Reneymar S.L

**Quinto:** Adxudicar o contrato menor, no prezo ofertado de 16.135,59 euros, IVE incluído, á entidade TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A., con CIF A15943863 e domicilio en Polígono de Bergondo, rúa Cortiñan esquina coa rúa Vijoi, parcela F-24, 15165 Bergondo, (A Coruña), por ser o licitador que obtén a maior puntuación en aplicación do criterio factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, ao realizar a oferta máis baixa non incurso en presunción de temeridade. A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa

1ª.- TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A.

2ª.- ALQUILERES RENEYMAR S.L.

3ª.- ALQUILERES BRAÑA RICA S.L.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

**Sétimo:** Designarase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno :** Notificar aos Departamentos de Intervención , Servizos, e Patrimonio, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Suspensión do prazo de duración do contrato menor adxudicado á empresa “Muñiz Más Alfaya, S.L.P.” no importe de 21.598,50 euros IVE incluído, para a redacción da Modificación Puntual da Unidade de Execución nº 3 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre. Exp. 2017/C002/000007**

Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

“Con data do 25 de abril de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adxudicou a redacción da Modificación Puntual da Unidade de Execución nº 3 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre á empresa “Muñiz Más Alfaya, S.L.P.” no importe de 21.598,50 euros IVE incluído, establecendo no punto cuarto da parte dispositiva do acordo, que *“O prazo de inicio da prestación do servizo comezará a contar a partir do recibimento, por parte da empresa adxudicataria, da notificación da adxudicación”*, feito que se produciu con data do 2 de maio de 2017, no que se asinou o aviso de recibimento pola empresa adxudicataria.

Con data do 26 de outubro de 2017 asínase na plataforma TedEc informe polo arquitecto municipal don José Agustín Barca Coteló, (quen foi designado responsable do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25/04/17), no que comunica a presentación pola empresa adxudicataria do documento de modificación puntual da Unidade de Execución nº 3 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre, (o que constitúe a primeira das fases de execución dos traballos descritas nos informes do arquitecto municipal de datas 17 de febreiro e 23 de marzo de 2017) e propón a interrupción dos prazos do contrato e o abono do 50 % do prezo do contrato.

Consta no Departamento de Urbanismo municipal a remisión, con data do 5 de decembro de 2017, de sendas solicitudes de informes autonómicos preceptivos e informes sectoriais, (en concreto, enviados : á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, -á que se lle solicitaron os informes autonómicos preceptivos e a realización das consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico; á Xefatura Provincial de Telecomunicacións e Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo - á que se lle solicitou a emisión de informe sectorial en materia de redes públicas de comunicacións electrónicas; á Deputación Provincial da Coruña – á que se lle solicitou a emisión de informe sectorial en materia de estradas; e á Subdelegación do Goberno na Coruña - á que se lle solicitou a emisión de informe sectorial en materia de redes de transporte de enerxía eléctrica e de gas natural ). Ditos oficios fóron rexistrados de saída a través do Sistema de Interconexión de Rexistros, aos nºs 201790000000753, 201790000000754, 201790000000755 e 201790000000756, respectivamente.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 7 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, tendo en conta o establecido polos artigos 22.1.d) e 80 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 220 e Disposición Final Terceira punto 1 do RD Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Acordar a suspensión do prazo máximo de duración previsto no artigo 23.3 do RD Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro (Texto refundido da Lei dos contratos do sector público) para o contrato menor adxudicado á empresa empresa “Muñiz Más Alfaya, S.L.P.” no importe de 21.598,50 euros IVE incluído, para a redacción da Modificación Puntual da Unidade de Execución nº 3 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre, (Exp. 2017/C002/000007), polo tempo que medie entre a data na que consten aceptadas telemáticamente no Sistema de Interconexión de Rexistros as solicitudes de informes autonómicos preceptivos e informes sectoriais





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

relacionados na presente proposta, e a recepción dos anteditos informes no Concello de Cambre, datas que deberán ser comunicadas á empresa adxudicataria.

**Segundo:** Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 112 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Terceiro:** Dar traslado aos Departamentos de Intervención, Urbanismo (responsable do contrato), e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **C) Prórroga do contrato para a prestación do servizo de gabinete de comunicación no Concello de Cambre. Expediente: 2015/C004/000010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que, coa data do 14 de marzo de 2016, asinouse coa entidade "Ártabra Comunicación, S.L." o contrato administrativo para a prestación do servizo de gabinete de comunicación no Concello de Cambre, (exp. 2015/C004/000010).

Visto que, na cláusula IV do contrato, cláusula 19 do prego administrativo e epígrafe 4 do cadro de características do contrato, establécese que o prazo de execución do contrato é de dous anos, desde a data da súa sinatura en documento administrativo, prorrogable por outros dous anos máis, logo do acordo do órgano de contratación, adoptado a petición do adxudicatario con tres meses de antelación á finalización do contrato principal.

Visto o escrito presentado polo representante da entidade "Ártabra Comunicación, S.L.", con data do 11 de decembro de 2017, no que solicita a prórroga contractual.

Visto o informe favorable á prórroga emitido con data do 11 de decembro de 2017 polo responsable do contrato, o xefe da Unidade de Réxime Interior Municipal.

Por todo o exposto, ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, e epígrafe 4 do cadro de características do contrato, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, e, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Prorrogar ata o 14 de marzo de 2020, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito coa entidade "Ártabra Comunicación, S.L.", para a prestación do servizo de gabinete de comunicación no Concello de Cambre, (exp. 2015/C004/000010).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Segundo:** Notifíquese á empresa contratista, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar aos Departamentos de Intervención, Réxime Interior e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Solicitude de revisión de prezos do contrato de “servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de Cambre”, formulada por “Xalo, S.L.”.**

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o escrito rexistrado de Entrada no Concello de Cambre, con data do 21 de xullo de 2017, ao nº 0/6794, presentado pola empresa “Xalo Obras e Servizos, S.L.”, no que solicitan a revisión de prezos do contrato para a prestación do servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de Cambre.

Visto o informe emitido ao respecto pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación de data 1 de decembro de 2017, que consta do seguinte teor literal:

**“INFORME:**

**Primeiro :** Con data do 21 de xullo de 2017, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 0/6794, escrito presentado pola empresa “Xalo Obras e Servizos, S.L.”, co CIF B-15704109, no que solicitan a revisión de prezos do contrato que veñen executando desde o ano 2008 para a prestación do servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de



Cambre, con base na cláusula cuarta do contrato e quinta do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato que rexeu no seu día.

Segundo : Examinados os datos obrantes na Oficina de Contratación, resulta que con data do 31 de decembro de 2008, subscribiuse entre o Concello de Cambre e a entidade "Limpiezas y Servicios Xalo, S.L." (empresa que cambiou a súa denominación, desde o 1 de febreiro de 2014, a "Xalo Obras e Servicios, S.L."), o contrato administrativo do "servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de Cambre". Este contrato, consonte á súa cláusula quinta e cláusula sexta do prego administrativo, tiña unha duración de dous anos a partir do día seguinte ao de formalización do contrato, sendo prorrogable en unha ou sucesivas prórrogas por un máximo de outros dous anos máis, logo do acordo do órgano de contratación adoptado a petición do contratista con tres meses de antelación á finalización do contrato principal.

Indican, ademáis, estas cláusulas que *"Si á finalización do contrato, o Concello de Cambre non houberse adxudicado un novo contrato nun proceso licitatorio, este contrato continuarase prestando ata que se produza a nova adxudicación, para os efectos de non prexudicar o normal funcionamento dos servizos públicos"*

Consta, así mesmo, no expediente, que por Resolución da Alcaldía de data 30 de decembro de 2010 foi prorrogado o contrato ata o 1 de xaneiro de 2013, (Resolución notificada á empresa con data do 11/02/11), data, pois, na que este contrato remataba.

Con data do 28 de decembro de 2012, dictouse Resolución polo concelleiro-delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, pola que comunicaba á entidade "Limpiezas y Servicios Xalo, S.L." que a teor do establecido na cláusula sexta do prego, e quinta do contrato, deberá continuar coa prestación do servizo ata que se produza a súa nova adxudicación, nos mesmos termos establecidos no contrato, isto co fin de evitar que os veciños de Cambre se vexan privados dun servizo de cumprimento obrigatorio para os concellos, e instaba ao Departamento de Obras e Servizos para que á maior brevidade posible, procedese á elaboración do prego de prescricións técnicas necesario para poder iniciar un novo expediente de contratación. A resolución foi notificada á empresa, que a recibiu con data do 29 de xaneiro de 2013.

Así pois, a día de hoxe, o contrato se atopa rematado, téndose superado os prazos establecidos legalmente para a duración dos contratos de servizos, (que, no momento da tramitación deste expediente viñan determinados polo Real Decreto Legislativo 2/2000 do 16 de xuño, que aprobaba o Texto Refundido da Lei dos contratos das Administracións Públicas, arts. 67.1 e 198.1).

Indicaban estes artigos citados do TRLCAP que :

*"Artículo 67. Expediente de contratación.*

1. *A los contratos cuya adjudicación se rige por la presente Ley precederá la tramitación del expediente de contratación que se iniciará por el órgano de contratación justificando la necesidad de la misma. Al expediente se incorporarán el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas particulares que hayan de regir el contrato, con precisión del plazo de duración del contrato y, cuando estuviere*



prevista, de su posible prórroga y alcance de la misma que, en todo caso, habrá de ser expresa, sin que pueda prorrogarse el contrato por consentimiento tácito de las partes.

2. (...)”

“Artículo 198. Duración.

1. Los contratos de consultoría y asistencia y los de servicios no podrán tener un plazo de vigencia superior a dos años con las condiciones y límites establecidos en las respectivas normas presupuestarias de las Administraciones públicas, si bien podrá preverse en el mismo contrato su modificación y su prórroga por mutuo acuerdo de las partes antes de la finalización de aquél, sin que la duración total del contrato, incluidas las prórrogas, pueda exceder de cuatro años, ni éstas puedan ser concertadas aislada o conjuntamente por un plazo superior al fijado originariamente.

2. (...)”

Así pois, tendo en conta que a duración do contrato suscrito non podía exceder de catro anos, e que non pode acordarse a prórroga tácita por consentimento das partes, cómpre concluir que o contrato coa entidade “Limpiezas y servicios Xalo, S.L.” rematou o 1 de xaneiro de 2013, sen que a continuidade na prestación do servizo en tanto non se elaborasen novos pregos de prescricións técnicas poida considerarse una situación indefinida no tempo e sine die, senón, precisamente , unha mera solución temporal .

Terceiro : Estando, pois, ante un suposto de contrato finalizado , nin o Concello de Cambre nin a entidade axudicataria contan cun prego de cláusulas administrativas ou técnicas en vigor que poida determinar a posible revisión de prezos que se solicita pola empresa.

Por máis abastanza, con data do 31/03/2015 publícase no BOE nº 77 a Lei 2/2015 do 30 de marzo, de desindexación da economía española, ley que foi desenvolta polo Real decreto 55/2017 do 3 de febreiro, (publicado no BOE nº 30 do 04/02/2017).

O propósito da Lei 2/2015 de desindexación da economía española, (como indican Blanca Lozano Cutanda –catedrática de dereito administrativo-, e Irene Fernández Puyol-asociada senior da Área de Dereito Público de “Gómez Acebho & Pombo”-, no seu artigo “Efectos de la Ley de desindexación en la contratación pública : el fin de la revisión de precios como derecho del contratista”, Diario “La Ley” nº 8554, Sección Tribuna, 4 de xuño de 2015, Ref. D-226, Edit. La Ley), é desactivar a indexación de índices de prezos ou en función de prezos das débedas expresadas en valores monetarios ou, dito doutro xeito, que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos.

Este obxectivo convírtese en mandato imperativo cando está presente o sector público, substituíndo unha regulación “indexadora”, por unha regulación “desindexadora”.

Con carácter xeral, indican estas autoras, a lei prohíbe aplicar unha indexación periódica e predeterminada en función de prezos ou índices de prezos para a revisión de calquera valor monetario en cuia determinación interveña o sector público. Para a aplicación desta prohibición xeral é condición suficiente a participación dunha entidade pertencente ao sector público, con



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

independencia de que o faga no marco dunha relación suxeita a dereito público ou a dereito privado, se ben cando concorra un negocio ou relación xurídica incluídos no ámbito de aplicación do TRLCSP, se aplicará o seu réxime específico de revisión de prezos, que a lei modifica.

Así pois, no ámbito da contratación pública, a lei non se limita a “desindexar” as revisións dos valores monetarios, senón que modifica de xeito substancial o propio sistema de revisión dos prezos dos contratos.

A Lei de desindexación ven a supoñer que a revisión de prezos dos contratos do sector público xa non pode entenderse, como se deducía ata agora do TRLCSP e afirmaba a doutrina e a xurisprudencia, como un dereito recoñecido ao contratista que a Administración só podía descoñecer cando así se tivese pactado, senón que, a partir da entrada en vigor da Lei 2/2015, a non revisión de prezos dos contratos convírtese na regra, de tal xeito que se prohíbe de xeito taxativo a revisión periódica non predeterminada ou non periódica dos prezos, e a revisión periódica soamente se permite previa xustificación no expediente e consonte se estableza no Real Decreto de desenvolvemento da lei.

Nos supostos nos que resulta procedente a revisión de prezos, -seguemos transcribindo o artigo mencionado da revista “La Ley”-, esta xa non se configura como un dereito “ex lege” que ten lugar agás que a súa improcedencia se tivese previsto nos pregos ou pactado, senón que o órgano de contratación poderá establecer o dereito á revisión periódica e predeterminada de prezos e fixará a fórmula de revisión que deba aplicarse. Dito doutro xeito: a falta de previsión expresa, o contratista non ten dereito á revisión de prezos.

Ademáis, a revisión dos prezos non poderá levarse a cabo mediante a aplicación de índices oficiais como o Índice de Prezos de Consumo, (que se contemplaba no antigo art. 90 do TRLCSP, que a lei suprime).

Así, a Lei 272015 do 30 de marzo, de desindexación da economía española, contempla no seu articulado a seguinte regulación:

*“Artículo 3. Ámbito de aplicación.*

*1. Lo dispuesto en esta Ley será de aplicación a:*

*a) Las revisiones de cualquier valor monetario en cuya determinación intervenga el sector público. A tales efectos, se entiende por sector público el conjunto de organismos y entidades enumeradas en el artículo 3.1 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.*

*En todo caso, para la aplicación de lo dispuesto en esta Ley a las citadas revisiones de valores monetarios no será necesario que concurra un negocio o relación jurídica incluida en el ámbito de aplicación de dicho texto legal.*

*(...)”*

*“Artículo 4. Régimen aplicable a la revisión periódica y predeterminada de valores monetarios.*



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1. Los valores monetarios referidos en el artículo 3.1.a) no podrán ser objeto de revisión periódica y predeterminada en función de precios, índices de precios o fórmulas que los contenga.

2. Excepcionalmente, se podrá aprobar un régimen de revisión periódica y predeterminada de los valores referidos en el apartado anterior siempre que sea en función de precios individuales e índices específicos de precios, cuando la naturaleza recurrente de los cambios en los costes de la actividad así lo requiera y se autorice en el desarrollo reglamentario previsto en el apartado siguiente.

(...)"

"Artículo 5. Régimen aplicable a la revisión periódica no predeterminada y a la revisión no periódica de valores monetarios.

1. Los valores monetarios referidos en el artículo 3.1.a) podrán ser objeto de revisión periódica no predeterminada o de revisión no periódica siempre que se justifique en una memoria económica específica para este fin. El real decreto al que se refiere el artículo 4 establecerá el contenido mínimo de la memoria económica.

2. Esta revisión no podrá realizarse en función de índices de precios o fórmulas que los contengan. (...)"

"Artículo 6. Régimen aplicable a la revisión de precios y tarifas de los contratos a los que es de aplicación el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

Las revisiones de los precios y tarifas de los contratos incluidos dentro del ámbito de aplicación del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, se regirán por lo dispuesto en el mismo."

"Disposición derogatoria.

(...)

2. Asimismo, quedan derogados los siguientes preceptos:

a) Los artículos 90, 91 y 92 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre."

Así mismo, a Disposición final terceira da Lei 2/2015 de desindexación, outorga unha nova redacción ao artigo 89 do RDL 3/2011, do seguinte xeito:

«Artículo 89. Procedencia y límites.

1. Los precios de los contratos del sector público solo podrán ser objeto de revisión periódica y predeterminada en los términos establecidos en este Capítulo.

No cabrá la revisión periódica no predeterminada o no periódica de los precios de los contratos.

Se entenderá por precio cualquier retribución o contraprestación económica del contrato, bien sean abonadas por la Administración o por los usuarios.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2. Previa justificación en el expediente y de conformidad con lo previsto en el real decreto al que se refieren los artículos 4 y 5 de la Ley 2/2015, de desindexación de la economía española, la revisión periódica y predeterminada de precios solo se podrá llevar a cabo en los contratos de obra, en los contratos de suministro de fabricación de armamento y equipamiento de las Administraciones Públicas y en aquellos otros contratos en los que el período de recuperación de la inversión sea igual o superior a cinco años. Dicho período se calculará conforme a lo dispuesto en el real decreto anteriormente citado.

No se considerarán revisables en ningún caso los costes asociados a las amortizaciones, los costes financieros, los gastos generales o de estructura ni el beneficio industrial. Los costes de mano de obra de los contratos distintos de los de obra, suministro de fabricación de armamento y equipamiento de las Administraciones Públicas, se revisarán cuando el período de recuperación de la inversión sea igual o superior a cinco años y la intensidad en el uso del factor trabajo sea considerada significativa, de acuerdo con los supuestos y límites establecidos en el real decreto.

3. En los supuestos en que proceda, el órgano de contratación podrá establecer el derecho a revisión periódica y predeterminada de precios y fijará la fórmula de revisión que deba aplicarse, atendiendo a la naturaleza de cada contrato y la estructura y evolución de los costes de las prestaciones del mismo.

4. El pliego de cláusulas administrativas particulares o el contrato deberán detallar, en tales casos, la fórmula de revisión aplicable, que será invariable durante la vigencia del contrato y determinará la revisión de precios en cada fecha respecto a la fecha de adjudicación del contrato, siempre que la adjudicación se produzca en el plazo de tres meses desde la finalización del plazo de presentación de ofertas, o respecto a la fecha en que termine dicho plazo de tres meses si la adjudicación se produce con posterioridad.

(...)"

O desenvolvemento da Lei 272015, así como do artigo 89 do TRLCSP foi efectuado polo Real Decreto 55/2017 do 3 de febreiro, cuio artigo 9 establece que :

*"Artículo 9. Revisión periódica y predeterminada de precios en los contratos del sector público distintos a los contratos de obras y a los contratos de suministro de fabricación de armamento y equipamiento de las Administraciones Públicas.*

1. Los precios contenidos en los contratos del sector público a los que es de aplicación el Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, que aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, distintos a los contratos de obras y a los contratos de suministro de fabricación de armamento y equipamiento de las Administraciones Públicas, sólo podrán ser objeto de revisión periódica y predeterminada.

2. Procederá la revisión periódica y predeterminada de dichos precios, transcurridos dos años desde la formalización del contrato y ejecutado al menos el 20 por ciento de su importe, cuando concurren acumulativamente las siguientes circunstancias:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

a) Que el período de recuperación de la inversión del contrato sea igual o superior a cinco años, justificado conforme al criterio establecido en el artículo 10.

b) Que así esté previsto en los pliegos, que deberán detallar la fórmula de revisión aplicable.

A tales efectos, en la memoria que acompañe al expediente de contratación, el órgano de contratación deberá justificar el carácter recurrente de la variación de los distintos componentes de coste a considerar en la fórmula de revisión de precios, el cumplimiento de los principios y límites contenidos en los artículos 3, 4, 5 y 7, así como el período de recuperación de la inversión del contrato. Deberá justificarse asimismo que los índices elegidos son aquellos que, con la mayor desagregación posible de entre los disponibles al público, mejor reflejen la evolución del componente de coste susceptible de revisión en cuestión.

*Cuando se utilice una fórmula tipo aprobada por Consejo de Ministros, sólo se exigirá la justificación del período de recuperación de la inversión.*

(...)

4. Para que pueda producirse la revisión periódica y predeterminada, los pliegos deberán especificar, al menos:

a) Un desglose de los componentes de coste de la actividad objeto del contrato, y la ponderación de cada uno de ellos sobre el precio del contrato.

*b) Los precios individuales o índices de precios específicos asociados a cada componente de coste susceptible de revisión.*

c) El mecanismo de incentivo de eficiencia, en su caso, contemplado en el artículo 7, de este real decreto.

No será exigible la especificación de las cuestiones contenidas en las letras a), b) y c) anteriores, en el supuesto de que se utilice una fórmula tipo aprobada por Consejo de Ministros.

(...)

*8. Para los contratos con un precio inferior a cinco millones de euros, el órgano de contratación solicitará a cinco operadores económicos del sector la remisión de su estructura de costes. El órgano de contratación elaborará una propuesta de estructura de costes de la actividad. Para ello utilizará, siempre que sea posible, la información de las respuestas que reciba. La propuesta de estructura de costes será sometida a un trámite de información pública por un plazo de 20 días, con carácter previo a la aprobación de los pliegos.*

*En caso de que se presenten alegaciones en dicho trámite, el órgano de contratación deberá valorar su aceptación o rechazo de forma motivada en la memoria.*

(...)

*El órgano de contratación deberá comunicar a efectos informativos al Comité Superior de Precios de Contratos del Estado y, en su caso, al órgano autonómico consultivo correspondiente, la estructura de costes incluida en el pliego."*





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

No suposto que nos ocupa, téndose rematado o contrato, sen que, a día de hoxe, existan uns pregos de cláusulas administrativas e técnicas aprobados que regulen a prestación do servizo, e non sendo aplicable, trala entrada en vigor da Lei 2/2015 de desindexación da economía española, a porcentaxe de incremento do Índice de Prezos do Consumo, non pode accederse á solicitude formulada pola empresa "Xalo Obras e Servicios, S.L."

**Cuarto:** Segundo consta no expediente de contratación, por Resolución do concelleiro-delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 3 de maio de 2012, actualizouse o prezo do contrato de servizos de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de Cambre conforme aos índices de prezos ao consumo (IPC) correspondentes aos períodos decembro 2008-decembro 2009, decembro 2009-decembro 2010 e decembro 2010-decembro 2011, sendo o prezo actualizado a 1 de xaneiro de 2012 de 365.752,50 euros IVE incluído, e autorizándose un gasto por importe de 23.126,85 euros en concepto de atrasos ata o 30 de abril de 2012.

Por todo o exposto, formulamos ao órgano de contratación a seguinte proposta de acordos a adoptar:

**Primeiro:** Desestimar a petición formulada pola empresa "Xalo Obras e Servicios, S.L." con rexistro de Entrada no Concello de Cambre con data do 21 de xullo de 2017 e nº 0/6794, de revisión de prezos do contrato suscrito con data do 31 de decembro de 2008 co Concello de Cambre para a prestación do "servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de Cambre", (exp. 2008/8-5 CON.ASIST.SERV.), toda vez que o antedito contrato se atopa finalizado desde o día 1 de xaneiro de 2013, téndose acordado con data do 3 de maio de 2012 unha actualización dos prezos e autorización de gasto por importe de 23.126,85 euros en concepto de atrasos, polo que o prezo do contrato xa foi revisado durante a súa vixencia, sen que a día de hoxe se aprobasen pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que regulen o servizo, e sen que sexa posible a aplicación do Índice de Prezos de Consumo, en aplicación do establecido na Lei 2/2015 do 30 de marzo de desindexación da economía española e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 55/2017 do 3 de febreiro.

**Segundo:** Notificar á entidade solicitante, "Xalo Obras e Servicios, S.L.", facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar aos Departamentos de Intervención e Servizos, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Desestimar a petición formulada pola empresa “Xalo Obras e Servizos, S.L.” con rexistro de Entrada no Concello de Cambre con data do 21 de xullo de 2017 e nº 0/6794, de revisión de prezos do contrato suscrito con data do 31 de decembro de 2008 co Concello de Cambre para a prestación do “servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares do Concello de Cambre”, (exp. 2008/8-5 CON.ASIST.SERV.), toda vez que o antedito contrato se atopa finalizado desde o día 1 de xaneiro de 2013, téndose acordado con data do 3 de maio de 2012 unha actualización dos prezos e autorización de gasto por importe de 23.126,85 euros en concepto de atrasos, polo que o prezo do contrato xa foi revisado durante a súa vixencia, sen que a día de hoxe se aprobasen pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que regulen o servizo, e sen que sexa posible a aplicación do Índice de Prezos de Consumo, en aplicación do establecido na Ley 2/2015 do 30 de marzo de desindexación da ecomía española e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 55/2017 do 3 de febreiro.

**Segundo:** Notificar á entidade solicitante, “Xalo Obras e Servizos, S.L.”, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar aos Departamentos de Intervención e Servizos, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia